



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 6 DE SETEMBRO DE 2012**

**LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA**

**TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
Concelleira  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA

Concelleiro

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA

Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

FALTA O CONCELLEIRO DO PSde-G-PSOE D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRIGUEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día seis de setembro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

## ORDE DO DÍA

\*\*\*\*\*

### A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 2 DE AGOSTO DE 2012.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVA Á DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS 2013.

### B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE XULLO DE 2012, ÁMBOS DOUS INCLUÍDOS.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

### A) PARTE RESOLUTORIA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 2 DE AGOSTO DE 2012.**

*Sr. Alcalde: Bueno, moi boa tarde a todos. Benvidos á sesión ordinaria do mes de setembro. A orde do día é a seguinte. A primeira parte, na parte resolutoria, o primeiro punto aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 2 de agosto. Hai algunha alegación?. Ten a palabra, Sra. Louzao.*

*Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Nós queremos facer unha pequena puntualización. Dende o noso grupo observamos que non se reflexa a realidade posto que na páxina, bueno como están paxinadas todas co mesmo número polo menos a que se nos pasaron a nós, non pode dicir a páxina pero bueno, no punto C, na moción que presenta o..., bueno no punto C, Sr. Alcalde-Presidente, na supresión da paga extra, na moción que presentou o goberno dise que os concelleiros Manuel Sanmartín e Monserrat Maceiras abandonan o pleno e non é nese momento no que abandonan o pleno. De feito abandonan o pleno ó final da seguinte páxina e creemos que non se recolle literalmente o que se dixo nese momento no que eles proceden a abandonar este salón de plenos indignados polo trato que estaba a recibir a oposición. Polo tanto pedimos que se volte a escoitar a gravación para que se proceda a reflexar o que foi a realidade nese momento.*

*Sr. Alcalde: Perfecto, pois en función do que traslada o Sr. Secretario, están en condicións de poder revisar outra vez o que son as gravacións da sesión plenaria e non teñen ningún*

*problema en volver a transcribir o acontecido. Polo tanto, deixámolo sen aprobar e procedemos a aprobalo no seguinte pleno convocado.*

**2º-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVA Á DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS 2013.**

*Sr. Alcalde:* Punto número dous, aprobación se procede do ditame da comisión de organización, persoal e asuntos xerais relativa á determinación dos festivos locais 2013. Aquí hai un erro, como puideron apreciar na convocatoria da comisión, non é festas locais 2012 senón festas locais 2013, polo tanto si hai algunha intervención? Se non, a proposta que trasladamos é a que se levou tamén ó Consello Económico Social e Mesa Local de Comercio: os festivos locais o 26 e 27 de xuño do ano 2013.

Finalmente adoptase por unanimidade o seguinte Acordo:

Visto o Ditame favorable da Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais adoptado en sesión do 30 de agosto de 2012, en relación co asunto de referencia.

Visto o escrito con entrada neste Concello o 10 de agosto de 2012, da Xefa Territorial do Servizo de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar, solicitando do Concello proposta sobre as datas das festas locais 2013.

Atendendo aos costumes e usos propios desta vila no relativo ás súas festas máis sinaladas.

Visto o pronunciamento feito polo Consello Económico Social na súa sesión do 27 de agosto de 2012, para que as festas locais sexan os días 26 e 27 de xuño.

Visto pronunciamento feito pola Mesa de Comercio Local na súa sesión do 28 de agosto de 2012, para que as festas locais sexan os días 26 e 27 de xuño.

Vista a competencia do Pleno da Corporación para propor á Xunta de Galicia as dúas festas laborais de carácter local, segundo o artigo 46 do RD 2001/1983.

**ACÓRDASE:**

1º.- Determinar como festas locais do Concello da Estrada para o ano 2013, os días:

- 26 de xuño de 2013, festas patronais de San Paio.
- 27 de xuño de 2013, festas patronais de San Paio.

2º.- Dese traslado deste Acordo á Xefatura Territorial do Servizo de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar, con enderezo na rúa Concepción Arenal nº 8, 2º – 36201 Vigo.

*Sr. Alcalde: Antes de pasar á parte de control da xestión, algunha moción de urxencia por parte dos grupos?. Ten a palabra Sra. Louzao.*

### FÓRA DA ORDE DO DÍA

#### A) MOCIÓN DO GRUPO PSdeG-PSOE, RELATIVA Á CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL SOBRE O POLÍGONO DE LAGARTÓNS-CIDADE DO MOBLE.

*Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Ben. Dende o noso grupo si queremos presentar unha moción por urxencia, moción que nestes momentos facemos chegar ó Sr. Secretario e ó grupo do Partido Popular e faciamos chegar ó BNG pero é un pouco complicado. Ben, nesta moción que vamos argumentar a súa urxencia en relación ó chamado polígono de Lagartóns, Cidade do Moble. Moción de urxencia que presentamos, posto que os últimos acontecementos aparecidos recentemente na prensa din que ese polígono se paralizou, que o goberno municipal coñecía isto e o acordou coa Xunta. Ó mesmo tempo sabemos que os veciños da parroquia de Lagartóns, os propietarios destes terreos levan agardando dende o mes de febreiro que se resolva unha solicitude pola que solicitan ou piden que se considere polo menos establecer unha exención ó IBI por terreos industriais posto que ata o momento non o son. Entón, sabendo que apremia o tempo porque o IBI está xa ó cobro, sabendo que apremia o tempo fundamentalmente para o noso sector industrial e o sector do moble porque a paralización deste proxecto significa paralización do suelo industrial público na Estrada, significa que o sector do moble leva anos loitando por un proxecto que da noite á mañá unilateralmente o Goberno e a Xunta deciden paralizar; dende o noso grupo solicitamos que se constituía, que este pleno adopte o acordo de que se constituía unha Comisión informativa especial de xeito inminente para tratar os asuntos que acabamos de expoñer relativos a este polígono. Como dicíamos, a urxencia ven motivada polas implicacións para o sector económico e o sector do moble do noso pobo, así como para os propietarios dos terreos deste polígono. Grazas.*

*Sr. Alcalde: Moi ben. Algunha outra intervención? Pois entendemos dende o goberno que é un tema que nos ocupa e nos preocupa a todos, por suposto, e compartimos parte do argumentado pola voceira socialista. De todas formas, non compartimos a fundamentación da urxencia. Entendemos que é un tema importante, pero non é un tema estritamente urxente e que teña que facerse en vinte e catro horas. Polo tanto, o que si nos podemos comprometer é dentro da propia Comisión de Industria, que pode tratar este tipo de asuntos, é convocar unha Comisión para analizar a situación actual deste proxecto e ver que opcións se poden plantexar de cara ó futuro e desde logo o noso compromiso e a nosa idea é apoiar este proxecto. Como saben todos os que forman parte deste goberno e os que forman parte deste pleno tamén, a situación económica non está para facer fogos de artificios. Hai que ser simple e sensato coa realidade económica real, e falar agora mesmo de apostar 45 millóns de euros sen haber realmente un estudio de demanda real e un compromiso efectivo é complexo, pero bueno, pola nosa parte, desde logo, como goberno, eu xa o dixen, non renunciamos en ningún caso a este proxecto. O que si facemos, como xa se fixo noutras*

ocasións, porque non é a primeira vez; recordo que noutros gobernos tamén se fixo, actualizar as demandas e a presión ós momentos e ás oportunidades de cada un nese momento, non? Polo tanto, nós non temos ningún tipo de problema en analízalo; non votaremos a favor da urxencia desta moción, pero si estamos en condicións de poder crear unha Comisión Informativa ou convocar unha Comisión de Industria para analizar este tema. Ten a palabra, Sra. Louzao.

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** Ben. Como dicíamos, isto se presenta posto que no pleno pasado tódolos grupos municipais chegamos a un acordo unánime que era levar ese asunto a unha Comisión. Comisión que a data de hoxe non foi convocada; pasou un mes e o único que recibimos foi un borrador dun informe enviado desde o goberno municipal, digo borrador porque está incompleto. Non recibimos informe definitivo. Se nos dicía que se entendía que se podía resolver por Resolución da Alcaldía; non sabemos se se fixo ou se non se fixo, se se falou cos propietarios desde o mes pasado cando viñeron a este pleno a manifestar a súa situación e se se falou co sector do moble para decidir a súa paralización ou non, parece polo que ven hoxe na prensa que non. Ademais, no pleno pasado dende a alcaldía (e aparece así na acta) se di que se vai convocar de xeito inminente a comisión, a poder ser a próxima semana e non agardar á seguinte. Como dicíamos, esta non se convocou. Por iso entendemos que este é un tema con entidade suficiente como para convocar unha Comisión especial, Comisión especial que trate o tema relativo á industria, que vexa as consecuencias para un sector e poida facer ese análise da realidade industrial da Estrada, que trate os temas económicos dos propietarios e que vexa a posibilidade de facer a exención ou non a ese IBI, se existe posibilidade legal. Un estudo, insisto, que se pode facer con entidade suficiente nunha Comisión especial, que por iso entendiamos que é urxente, posto que a entidade especial llo da a importancia que este proxecto ten para os estradenses. Grazas.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sra. Louzao, ten a palabra o Sr. Blanco.

**Sr. Blanco Carracedo, do PP:** Boas tarde. Simplemente puntualizar que non parece limpo, Sra. Louzao, o que está dicindo no sentido de que en primeiro lugar, o acordo do pleno foi de iniciar o expediente, non falar dunha comisión. Como ben vostede sabe, primeiro lle foi remitido o informe de recadación completo, completo, pode faltar a firma no último ....

**Sr. Alcalde:** Sra. Louzao está no uso da palabra o ...

**Sr. Blanco Carracedo, do PP:** Si, simplemente falta a data en que se produxo a delegación no ORAL. Bueno, se a vostede lle parece iso incompleto darémolo por bo. Pero si está completo o informe da intervención no mesmo sentido que o de recadación. Así mesmo, ten que reconecer que o pasado 29 de agosto, nese correo que se lle remitiu, se lle fai pola miña parte a vostede e ó portavoz do Bloque, manifesto a miña intención de consensuar a maneira de tramitar o procedemento. Sempre tendo en conta que foi unha solicitude por parte dos veciños propietarios das parcelas da Cidade do Moble, e como tal ten que ser procesado pola alcaldía. E o compromiso do pleno é de iniciar e tramitar o expediente, non de levalo a unha Comisión. Entón, me parece que non é axustado á realidade o que vostede está dicindo.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, pois debatido suficientemente, debatido o ...

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** O turno de alusións.

**Sr. Alcalde:** Non, pero estamos no punto da urxencia dunha moción

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** Pero non pode dicir que falto á verdade e non deixar responderme despois de aludirme directamente Sr. Alcalde. Vostede entenderá que ...

**Sr. Alcalde:** Estámonos indo...No tema de urxencia e sábeo vostede perfectamente ( non tensione os plenos como é acostumado en vostede), non leve os temas ó límite porque creo que hai formas de debater sen ter que embarrar o terreo de xogo como lle gusta facer habitualmente. Estamos na parte de debate da urxencia dunha moción que non cabe debate. Eu xa dixen que non iamos a votar a urxencia, que si nos comprometemos a analizar e a estudar as distintas vías que ten este proxecto da Cidade do Moble. Este goberno non ten menos compromiso do que tiveron outros anteriores. Eu recordo alá no ano 2009 un viaxe que houbo a Ourense co que hoxe vai a ser candidato socialista dicindo que, me parece que foi en febreiro do ano 2009, ían levando de excursión ós empresarios a Ourense para garantirlle en precampaña electoral que ese proxecto se ía facer. Non sei se ten vostede memoria pero eu recordo que aquilo era o comezo inminente das obras do proxecto da Cidade do Moble e estamos no ano 2012 e non hai proxecto. Polo tanto, eu creo que se fixeron os trámites administrativos porque o proxecto quedou nunha situación difícil de resolver. Vostedes sabíano ademais por un problema que había cas zonas verdes e cos espazos públicos, a zona de afección do río. Se fixeron as modificacións no proxecto sectorial, se aprobou e hoxe está finalizado o trámite administrativo. A nós tamén nos gustaría que estiveran as máquinas traballando, pero por desgraza, a conxuntura económica non permite atisbar que se poidan facer determinadas obras ca alegría que se facían antes. Esperaremos, seguiremos presionando e eu lle podo garantir que o Conselleiro recibe practicamente unha chamada mensual por parte desta Alcaldía para preocuparse polos proxectos que agora mesmo temos encima da mesa e que desde logo nós temos tanto interés como a oposición e como calquera estradense en poder sacalo para adiante. Pero a situación que nos tocou vivir é a que é, e polo tanto temos que ser realistas. Polo tanto, co compromiso e ca idea de trasladarlle ó Concelleiro de Industria a convocatoria dunha Comisión informativa de Industria para analizar este tema, rexeitamos a urxencia desta moción e procedemos á súa votación.

Procédese á votación relativa á urxencia do asunto, sendo rexeitada por once votos en contra (do PP) e nove votos a favor (do PSdeG-PSOE e do BNG)

**Sr. Alcalde:** Algunha outra moción de urxencia? Pois se non hai ningunha pasamos á parte de control da xestión, o número tres, dación de contas das resolucións da alcaldía do período do 1 ó 31 de xullo do ano 2012, ámbolos dous incluídos e o punto número catro, rogos e preguntas. Algunha intervención? Ten a palabra Sra. Louzao.

## **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

**3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE XULLO DE 2012. ÁMBOLOS DOUS INCLUIDOS.** Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de xullo de 2012.

O Pleno da Corporación queda sabedor.

#### **4º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** Señor Alcalde, dicía vostede que non había debate. Está ben sabelo. Monólogo si hai, debate non. Dicía vostede que recordaba a historia da Cidade do Moble e se quere nós tamén a recordamos, recordamos un mitin do Sr. Feijoo na Estrada dicindo que dous días despois aprobaba o Plan Sectorial. Ese Plan Sectorial que hoxe está prexudicando ós veciños propietarios dos terreos e ós industriais ó habelo paralizado. Pero como vostede dicía que non había debate, vostede fai os seus monólogos, pois entón imos pasar a outro tema. Imos empezar a facer preguntas, non moitas, porque vendo que os debates vostede os entende como monólogos, pois non nos aportan demasiado ós estradenses. Gustaríanos preguntar (e xa o fixemos neste pleno máis veces) polo tema da recollida de voluminosos no rural. Gustaríanos saber se se continua a facer e cales son as rutas que se van a facer nos vindeiros días.

**Sr. Alcalde:** Hai unha planificación como viña sendo habitual no concello, onde se organizan as rutas de recollida de voluminosos en función das peticións, das demandas dos veciños. Creo que nestes días, nesta semana hai previsto..., xa foron dúas veces nesta semana e en función das demandas que vamos tendo se van producindo exactamente igual do que se fixo ata o de agora. Se vai recollendo baixo demanda, en función do que van solicitando os propios veciños do rural.

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** Facíamos esta pregunta porque, como dixemos noutros plenos, os veciños están desconcertados. Non saben si se fan ou non se fan. Era para trasladarlle ó grupo de goberno que procedan a notificar ós veciños cando van e como deben facer para obter esa recollida de voluminosos, porque están bastante despistados e seguen aparecendo voluminosos á beira dos contedores verdes que non é o lugar adecuado onde deben estar.

**Sr. Alcalde:** Sra. Louzao, comenteille e xa lle dixen que o sistema que se está utilizando é o mesmo que se veu utilizando ata agora. Se están despistados agora tamén estarían despistados antes, porque é o mesmo sistema, exactamente o mesmo. E o depósito de recollida de voluminosos, o depósito de voluminosos en zonas non debidas ten vostede moi cerca de vostede a unha persoa que levou esa área e sabe que é algo habitual, por desgraza, é algo que aínda non fomos capaces de acostumar ó 100% da poboación, avanzamos moito, é certo que se avanzou moito nesa conciencia pero segue habendo persoas que non, non é que non saiban, ó mellor é que non respectan ou non queren esperar a que chegue o día da recollida. De todas formas, podemos seguir facendo un esforzo como se fixo sempre neste concello e da forma que se actuou sempre e se segue actuando agora, de comunicar a través dos medios de comunicación cal é o sistema de recollida. Pero xa lle digo que non houbo variación ningunha, que segue sendo o mesmo sistema que fai un ano, que fai dous, que fai tres, que fai cinco, que fai oito. Creo que sempre se mantivo o mesmo sistema de recollida que está dando os seus resultados aínda que as veces por desgraza seguen aparecendo vertedoiros incontrolados. E tamén se está facendo un esforzo para intentar recoller eses vertedoiros incontrolados.

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** Ben, paréceme ben, pero eu só lle dicía que se dea outra vez publicidade. Se segue sendo o mesmo, pois que se lle dea publicidade outra vez, dicindo que se segue facendo o mesmo e como se fai. Non que é o mesmo senón como. Simplemente era unha observación e atendendo ás preguntas que fan pola rúa os veciños cando nos atopan.



*Despois dicía vostede tamén fai un momento que falaba de embarrar o terreo de xogo. E precisamente vamos a falar dese tema. Vamos a falar de como están embarradas algunhas pistas do noso rural. O noso rural, sabeo vostede porque o dixó, que non está sendo atendido adecuadamente. Xa non só falamos dos desbroces e do mal estado, do mantemento das pistas, das cunetas, se non que falamos do firme das carreteiras, do firme das pistas do rural. Xa llo dixemos, é moi deficiente o estado no que se atopan as pistas do rural. Non sabemos por que, non sabemos se se baixou a partida destinada, se simplemente se está invertindo noutras cousas, o que sabemos é que é moi deficiente. E o que sabemos e o que denuncian os veciños, é que hai pistas do noso rural polas que non se pode transitar. E hai pistas do noso rural, como pode ser esta da parroquia de San Andrés (se quere lle acerco agora mesmo as fotos), como pode ser esta pista, pola que os coches non poden pasar, que chegan alí e dan a volta, e que hoxe cando nos desprazabamos alí para traer estas fotos e que vostede non nos diga que non é certo, estaba un tractor enterrado nesa zona. É dicir, se os tractores non dan pasado, moito menos os vehículos. Estamos a falar neste caso en concreto, neste en concreto, do lugar de San Andrés, do lugar de Cardelle. Unha pista que leva meses en mal estado, unha pista pola que non se pode transitar e polo que dende logo lle rogamos que se atenda novamente o rural de xeito adecuado. Posto que os nosos veciños non merecen o trato que están a recibir por parte deste goberno. E non falamos só do caso de San Andrés, falamos tamén por exemplo dunha pista en Loimil, a pista que vai da igrexa a Loimil do Carballo ou da pista de Orazo, que vai paralela á autopista, de Orazo a Cervaña. Son pistas nas que os nosos veciños teñen dificultades para transitar, seguramente non tantas como nesta pista de San Andrés, que da vergonza vela, da vergonza que os veciños cheguen alí e teñan que dar marcha atrás, e polo tanto rogamos a este goberno municipal que atenda adecuadamente o rural. Son varios os concelleiros que se adican ó entorno do rural e estamos seguros de que teñen coñecemento do estado destas pistas. Insisto, rogamos que se despracen as brigadas municipais a Loimil, a San Andrés e a esa outra pista, e que fagan unha avaliación do estado das pistas do rural. Por outro lado, trasladamos tamén a este goberno municipal unha queixa da parroquia de Frades, unha queixa concretamente da aldea de Requián na que rogan ó goberno municipal, neste caso, este ano xa pasou, pero rogan que en vindeiros anos que non volva a suceder que tras a festa (todos sabemos que a festa dos milagres de Requián é unha das festas máis importantes do contorno), quéixanse que outros anos, ó día seguinte se desprazaban dous camións do concello a retirar a basura xenerada por ese día, por esa importante festa, desa importante romaría; e este ano non se produciu iso, co cal os olores que había na zona pois os veciños consideran que non eran adecuados. Simplemente trasladamos este rogo que nos trasladaban os veciños de que se teña en conta esta importancia da romaría, posto que o ano pasado xa houbo problemas cos desbroces, e este ano pasa coa recollida da basura, e os veciños están molestos.*

*Outro rogo mais que lle facemos é con respecto ó casco urbano, estamos a falar do mobiliario do casco urbano, estamos a falar de farolas rotas, estamos a falar de farolas sen tulipa e estamos a falar de adornos que se colgaron nas farolas para distintas campañas e continúan os restos colgados, sobre todo na Calvo Sotelo, farolas na Praza do Concello e demais. Os veciños están molestos co coidado do mobiliario na rúa principal da Estrada, na rúa onde máis comercio hai. Estes rogos que nos trasladan os veciños e que aquí lle trasladamos, é, como dicíamos, para que o goberno municipal tome adecuada resolución ó respecto e se solucionen estas deficiencias que os nosos veciños demandan. Moitas grazas.*

**Sr. Alcalde:** *Moi ben. Pois en relación ós aspectos que vostede comentaba, bueno, eu discrepo profundamente e posiblemente ademais con certa razón. Porque eu en ningún caso dixen que o rural non estaba sendo atendido debidamente. Iso é falso. Pero estamos habituados xa a esta estratexia de dicir que din os demais cando os demais non din iso. Eu o que dixen é que recoñecía que debido ó recorte nos medios e sobre todo ó pago en horas extras, non se fixera o traballo preventivo de desbroce no rural que se estaba facía outros*

anos, eu o recoñezo publicamente. O seu goberno pagaba en torno a 200.000 euros ó ano en horas extras, o cal é vergonzoso directamente. Eu creo que nós non estamos en condicións neste momento de xestionar como xestionaban vostedes, non?, de malgastar o diñeiro. Eu creo que hai que priorizar os cartos públicos e o que se pediu foi ós funcionarios un esforzo. E ese sobreesfuerzo ou esa negociación encuberta que tiñan cos funcionarios para pasar horas extras a diestro e siniestro, desde que entrou este goberno xa non. Polo tanto, recoñezo que desde o mes de marzo non se fixeron en todo o ano horas extras exceptuando nos dous meses de verán e previsiblemente teremos que reforzar as brigadas de desbroce para facer esa labor preventiva antes do mes de xuño para que despois sexa máis fácil facer o desbroce nas pistas do rural. Lle podo garantir ademais e así estivemos vendo que non hai ningunha diferenza de como se fixo outros anos, de feito os veciños tamén nos din, queixosos do trato no rural que, bueno, aínda non chegamos ó nivel do primeiro ano do seu goberno, que fora unha auténtica desfeita, e como tiñan o rural completamente abandonado. Polo tanto, ca idea de mellorar, se comparamos o primeiro ano deste goberno co primeiro do seu, lle podo garantir que estamos moitísimo mellor. Aquel si que foi un ano desastroso e negro para o rural. E outra cousa que lle digo é que me alegro moito de que nos traslade eses tres temas, o tema de San Andrés non o coñecía, non ten pinta de ser unha pista asfaltada con moito tránsito, non ten pinta de ser iso. Se vostede vai buscando corredeiras para sacarlle fotos, lle podo garantir de que me alegro moito porque sabe perfectamente que temos dous mil quilómetros de pistas asfaltadas na Estrada. Dous mil quilómetros titularidade municipal. Se vostede dos dous mil quilómetros, todo o que ten é isto que acaba de dicir agora, creo que a xestión do goberno non está sendo tan mala, desde logo, como vostedes din. Seguramente teñamos as pistas nunhas condicións óptimas, non as mellores, pero si se está facendo un esforzo importante no que son as brigadas de bacheo. De feito lle digo que, posiblemente este ano se leva xestionado coa Deputación de Pontevedra e co Servizo Provincial de Estradas tamén colaboracións para aportación de material que foi destinado integramente a tódalas vías municipais e creo que o estado, ou polo menos así é o que nos trasladan os alcaldes de barrio responsables e as persoas que se achegan ó concello, se están intentando resolver dunha forma áxil. Posiblemente, como xa digo, máis complexo é o tema dos desbroces porque, como ben sabe, hai un calendario. Estamos respectando escrupulosamente o calendario feito, que é exactamente o mesmo ou moi parecido ó que tiñan vostedes o ano anterior, é moi, moi similar, e estamos respectando polo tema de festividades e polo tema do hábito que hai nas parroquias de desbrozar as parcelas e as estradas xusto no entorno da festa parroquial. Iso é o que se leva facendo e o sabe ademais o Sr. Picaño que estivemos estes días en Riveira desbrozando e se achegou a unha das desbrozadoras a falar co noso chofer e lle trasladou ademais que se estaba facendo como se facía outros anos, exactamente igual, nin máis nin menos. Esa é a realidade. Outra cousa é que eu entendo que hai unha visión desde o goberno, do goberno e unha visión desde a oposición, da oposición. Se eu lle digo as queixas que tiñamos cando nós eramos a oposición e vostedes cando eran goberno, seguramente se botarian as mans á cabeza, non? Pero esa é a realidade e eu lle digo que me sinto moi satisfeito se todo o problema que teñen nos dous mil quilómetros de pistas do rural estradense é unha corredeira en San Andrés de Veá da que, ademais, non tiñamos coñecemento, se é unha carretera en Loimil, que é a que vai á igrexa, e se é outra que está incluída dentro do Plan de Investimentos do PEIM, que como ben sabe vostede vamos acometer unha inversión importante no PEIM na parroquia de Orazo, e unha das pistas que vai dentro dese plan, no Plan de Investimentos de Medio Rural é esa precisamente á que vostede acaba de facer referencia, que vai paralela á autopista. Polo tanto, creo que ademais de ter razoablemente ben o rural, vamos catro ou cinco meses por diante da oposición, o cal me alegra de verdade e acredita a nosa xestión.

En relación ó tema de Requián, este goberno fixo un esforzo importante este ano por facer un desbroce. O ano pasado tivemos algunha queixa tamén dos desbroces e a propia oposición, o propio Partido Socialista nolo trasladou aquí; este ano creo que en materia de

desbroce a parroquia de Frades e en concreto Requián, estivo nun estado extraordinario, óptimo para a celebración da festa. E en canto ó tema de recollida de basuras, se dotou especialmente, incluso houbo que comprar contedores especiais para poder aportalos na festa de Requián, e foron recollidos como suele ser habitual polo servizo de limpeza do Concello da Estrada, como se fai habitualmente. De feito, dígolle ademais que eses contedores xa están recolocados outra vez en distintos puntos do rural e do casco urbano. Polo tanto, o que lle quero dicir con iso é que a basura non quedou ali e os contedores foron recollidos en tempo e debidamente, o que pasa é que, bueno, a súa información ó mellor ás veces non é a adecuada.

Onde si, onde si ó mellor teño que coincidir con vostede é no tema do casco urbano. O casco urbano ten un estado mellorable e, sobre todo, as calles principais. Estamos traballando e xa temos deseñado un plan para recuperar a parte do mobiliario urbano das principais calles, coa dotación de papeleiras, porque si é certo que hai unha dotación insuficiente de papeleiras e ademais tamén na mellora estética ou ornamental das rúas e os maceteiros que temos na rúa Serafín Pazo, na rúa Calvo Sotelo ou mesmo na praza do Concello e na rúa Justo Martínez. Eu creo que aí debemos intentar mellorar esa xestión e o que si pode dicir é que nos próximos meses xa estamos traballando nese plan para intentar recuperar un pouco esteticamente o que é o entorno que leva bastante tempo abandonado. Eu creo que si fai falta que se lle faga algunha actuación para poñer en valor porque é unha zona das máis importantes do noso concello.

Algunha outra intervención? Ten a palabra, Sr. Magariños.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Por que se contratou un servizo privado de desbroces cando hai tres tractores do concello e como ben recoñeceu ata o de agora que había un plan de desbroces feito polo goberno anterior que cubría todo o concello?

**Sr. Alcalde:** Porque como lle dicía antes decidiuse non facer uso dese abuso das horas extraordinarias que se lle pagaba ó persoal municipal. Entendemos que nos meses de verán era convinte facer un reforzo. Ben sabe vostede que tivemos aproximadamente dous meses un tractor de desbroce da Deputación de Pontevedra desbrozando as pistas municipais, reforzando a brigada de tres. Temos un problema cun dos tractores por problema do funcionario, estivo de baixa durante moitos meses e o tractor estivo parado, non estivo funcionando un dos tres tractores que temos e sumado a iso tivemos o problema da climatoloxía que veu vostede que rapidamente desbrozamos unha parroquia e nos quince días xa case, case pide un segundo desbroce. E iso o teremos que mellorar cando as labores preventivas que seguramente fagamos dende o mes de marzo ou mes de maio do ano que ben. Para iso digamos que había necesidade de contratar e sabe vostede ademais que os propios orzamentos municipais do concello así o reflexaban. Nós tiñamos unha partida orzamentaria recollida nos orzamentos por importe de 18 mil euros para traballos de desbroce. Polo tanto, facendo uso desa previsión que tiñamos nos orzamentos, que estaba contemplada nos orzamentos municipais, fixemos esa contratación. Foi un contrato de servizos por 18 mil euros para intentar reforzar esas cinco desbrozadoras que actualmente temos traballando agora mesmo no rural e eu creo que están facendo un traballo importante para ter as pistas nas mellores condicións posibles.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Pareceume entender que se contrataba este servizo para reforzar as cinco desbrozadoras. Ou hai cinco neste momento ?

**Sr. Alcalde:** Agora hai cinco.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Agora hai cinco. Xa me parecía a min. Outra cuestión. Na anterior etapa de goberno, na Concellería de Deportes para o que sería atender o pavillón e as distintas instalacións deportivas había tres persoas, non se pagaban

horas extras e agora hai só dúas. ¿Fan horas extras estas dúas persoas para atender o pavillón?

**Sr. Alcalde:** Sabe vostede, Sr. Magariños e o repito unha vez máis porque parece que non queda claro: unha das primeiras decisións que tomamos en materia de persoal foi non facer uso das horas extras, exceptuando aqueles casos nos que fora estritamente necesario. Falamos de acontecementos que requiran un maior continxente de policía local, falamos de servizos especiais de protección civil, falamos dalgún caso concreto da brigada de obras, pero o que son servizos diarios do concello, de momento, non están xerando ningún tipo de horas extras. En todo caso, o que se está intentando nalgún caso é compensar en horas o seu traballo. Como sabe vostede, a terceira persoa que estaba no pavillón era unha situación excepcional, era un contrato especial e por unhas circunstancias particulares ese contrato venceu e de momento coas dúas persoas que temos no pavillón, en principio, damos cuberto o que é o horario de traballo que teñen as instalacións municipais. De feito tamén teño que dicir que ese traballo a veces se excede do horario pero creo que a profesionalidade do persoal ás veces os leva a facer máis horas das que lle corresponde, e en ningún caso creo que se plantexou a posibilidade de cobrar horas extras, se non, que me corrixa o Concelleiro de Deportes, pero non hai en ningún caso, de forma reiterada, mes a mes, paso de horas extras por parte dese persoal do pavillón nin de ningún outro persoal. Eu recórdolle que a última factura no último ano enteiro que gobernaron vostedes pagaron 180.000 euros en horas extras, 180.000, cifra que desde logo pon colorado a calquera. E este goberno é un dos compromisos que ten. Sei que a veces co esforzo do persoal funcionario que o aceptou e está traballando dunha forma intensa e está compensando esas horas co seu traballo.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Segundo información da prensa, a estrada da Deputación, Balboa–Liñares ía asfaltarse na súa totalidade. Sen embargo, só está asfaltada desde Balboa ata o remate de Oca, concretamente, se lle serve de referencia, preto dunha casa onde vive unha senadora do Partido Popular. Entón, a pregunta é, vai asfaltarse toda a estrada, e cando?

**Sr. Alcalde:** Si. Se lle pregunta a calquera veciño de Moreira, Riveira, Callobre, Berres, Riobó, Arnois ou Orazo ou calquera outro, lle dirá que esta é unha promesa de fai vinte anos. O arranxo desa estrada é algo que leva sendo reclamado desde fai iso, practicamente dúas décadas por parte dos veciños. Igual ca carreteira Portela–Souto de Veá, outra das asignaturas pendentes en materia de infraestruturas. Dúas carreteiras que ademais teñen certa similitude, unha une unha carreteira nacional cunha carreteira provincial de moito tránsito, na zona de Veá e outra une dúas carreteiras nacionais, dúas que pasan polo Concello da Estrada, o cal ten un tráfico moi intenso. O noso compromiso, e así o fixemos nunha visita que se fixo aproximadamente fai tres meses a esa carreteira co Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e co Presidente da Deputación e co Delegado da Xunta, foi empezar cos traballos de redacción do proxecto para facer un acondicionamento do estilo que se vai a facer na carreteira Portela–Souto de Veá. Unha inversión para recordarlle que, aproximadamente, nun tramo de sete quilómetros, ascende a 900.000 euros e que a idea deste goberno é poder acometer previsiblemente no ano que ven unha actuación de mellora, non só de mellora integral da capa de rodadura ou do vial cun ensanche, senón tamén cunha mellora no que é en sendas peatonales e a comunicación nos distintos lugares polos que vai transitando esa carreteira provincial. Polo tanto, ese é o noso obxectivo e a idea é neste ano facer o proxecto e rematalo a principios do ano que ven para intentar conseguir que esa obra se licite e se execute no ano 2013.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Ou sexa, que prazos concretos non hai?

**Sr. Alcalde:** *Máis concretos non llos podo dar. Se quere dígolle o 16 de febreiro do ano 2013.*

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** *Home, estame dicindo que esperan ter rematado o proxecto a principios de ano e a ver.*

**Sr. Alcalde:** *Sr. Magariños, non sei se vostede non entende ou non quere entender. Estoulle dicindo que as previsións, as previsións, porque isto funciona por previsións, eu non teño unha barita máxica para poder resolver unha redacción dun proxecto e non depende desta administración, depende doutras. O que eu teño negociado co Conselleiro, as previsións son que a finais deste ano ou como moi tarde, principios do ano que ven, ter o proxecto e licitar e facer a obra no ano 2013, empezar a obra no ano 2013; esa é a previsión que temos. Home, vinte anos despois que alguén veña a poñerlle fecha non creo que estea tan mal o tema. E sobre todo cando vostedes tiveron catro anos fantásticos e maravillosos para poder facer algo nesa estrada, e o único que fixeron foi deteriorar cada vez máis o estado da mesma. Polo tanto, eu creo que en catro anos tiveron tempo máis que suficiente para arranxar esa, para arranxar a de Portela-Souto de Veá, para facer a variante da Estrada, para facer a Cidade do Moble, para facer tódolos proxectos que vostedes reclaman agora nun mes, tiveron catro anos cun goberno amigo na Xunta durante tamén moito tempo para poder facelo e non o fixeron, non?. E, polo tanto, reclamarlle agora, botarlle a culpa do incendio ós bombeiros que neste caso é o Partido Popular, que ven aquí a apagarlle o incendio que vostedes crearon; e os pirómanos que lle boten a culpa ós bombeiros de que non dan apagado o incendio, me parece cando menos rirse da xente que ten algo de sentido común. Polo tanto, déixenos vostede e deanos o noso tempo porque me alegro, me alegro sobre todo ademais que non fale da de Portela-Souto de Veá, porque sabe que está en licitación, a vamos a adxudicar agora, previsiblemente neste mes de setembro, e teremos as obras comezadas no mes de outubro como estaba planificado e previsto, polo tanto xa me alegro de que non falen aquí no pleno do colexio Pérez Viondi, que non falen da carreteira Portela-Souto de Veá, que non falen de proxectos que prometeron durante centos de anos e nunca fixeron e agora xa non entren en debate porque o Partido Popular cumpriu co seu obxectivo. Entón atacan por aínda temos que xestionar e aínda temos que conseguir. De feito, só lle digo que nun ano 17 millóns de euros, esa é a tarxeta de presentación deste goberno, 17 millóns de euros de inversión pública doutras administracións na Estrada. E non en Plan E, nin en Plan FEIL nin Plan Deputación; xestión con outras administracións, novos proxectos e novas infraestruturas que é ó que nos temos que adicar no peor momento que nos toca, que é un momento de crise económica, onde mobilizar a dúas administracións para que poñan cartos para un proxecto é realmente complexísimo. Lle podo garantir que supón un esforzo moi importante.*

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** *Lémbrolle que estes viales dos que fala son da Deputación e esta Deputación está gobernada polo mesmo partido desde tempos inmemoriais, deixémolo así. Gustoume o exemplo que puxo do lume porque veume á cabeza o persoal, bueno chámelle persoal, os delincuentes que se adicaban a prender lume para que despois os contratara a Consellería. Veume á cabeza esa idea. A típica persoa que estaba contratada ano tras ano e como se lle retrasaba un pouquiño a campaña de contratación, prendíanlle lume para que despois os contrataron. Está ben o exemplo, me gustou.*

*Outra pregunta: Ten pensado o goberno municipal ampliar o horario da biblioteca tal e como prometera?*

**Sr. Alcalde:** *Si. O goberno está barallando esa opción. Sabemos ademais e o falamos esta mesma semana coa Concelleira de Educación e é un tema que durante o verán sabe vostede que sempre foi un debate social. Por parte dos usuarios da biblioteca que pedían que se*

ampliase o número de horas, había persoal de vacacións e iso dificultaba un pouco conxeniar os horarios. Pero en función das necesidades, e creo que temos algunha proposta tamén de usuarios, a nosa idea é si facer un..., valorar que opcións temos e ampliar os horarios o máximo posible co persoal que temos aí, que nos limita a capacidade para poder facer as aperturas, pero en principio si é un tema que estamos estudando e estamos valorando.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Teño tres preguntas do tema biblioteca precisamente, que me trasladaron os usuarios a raíz dun malestar, dun acontecemento que pasou este sábado que poñía a información que se ía abrir a biblioteca e a xente chegou e topouse coa porta nas narices. Bueno, unha cuestión puntual. Supoño que a seguinte pregunta ten que ver co que me acaba de contestar: Por que se reduciu o horario da biblioteca?

**Sr. Alcalde:** Pois como acontece habitualmente, sabe vostede que no mes de verán coinciden as vacacións do persoal e iso, debido tamén á baixada do uso da biblioteca. Sabe tamén que co Plan Bolonia cambiaron os hábitos de uso do servizo de biblioteca, se vai axustando nos horarios ás posibilidades do persoal que temos dispoñible. Non é como outro servizo que ó mellor se pode complementar con distinto persoal, na biblioteca é o propio persoal da biblioteca o que se vai cubrindo e iso vai facendo que ó ter menos persoal pois as horas se reduzan, pero é unha situación que ven acontecendo desde sempre. Non é deste ano nin de anos anteriores nin doutros anos. Sempre se produciu así e o que se intenta é que no horario de verán que é, cando en teoría menos actividade hai, pois se vaia abrindo en función da demanda que existe. De feito, recordo que o goberno anterior, nalgún verán chegou incluso a ir modificando os horarios en función das demandas que tamén lle ían chegando dos propios usuarios. Creo que se fixo sempre e é o problema dun servizo que ten un persoal determinado e vinculado a ese posto de traballo, polo tanto están no seu dereito de coller as súas vacacións e nós temos que intentar axustar os horarios a esa realidade.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Ten pensado mellorar na biblioteca, renovar o que sería a dotación bibliográfica e de mobiliario que se nos trasladan o mal estado en que están as cadeiras e as cortinas, que no verán impiden traballar comodamente polo sol que entra directamente?.

**Sr. Alcalde:** Moito se deberon estropear neste último ano. Debeu de haber moitos estudantes na biblioteca para estropearse todo nos últimos doce meses. Pero desde logo é unha realidade, pero unha realidade de moi atrás. A situación da biblioteca é moi mellorable, non? De feito, este goberno, previsiblemente, non vai acometer esa reforma de forma inminente porque sabe vostede que no noso contrato cos cidadáns, no noso proxecto electoral, no noso programa, levábamos a posibilidade de cumprir dunha forma áxil a licitación do colexio Pérez Viondi, que aí está e, polo tanto, ós feitos me remito. Non hai máis que ir alí e ver en próximos días o inicio das obras, e polo tanto esa licitación e esa construción desa ampliación do Pérez Viondi nos vai a permitir facer un cambio, un movemento, unha previsión que debateremos no seu debido momento sobre os cambios de uso no Edificio Multiusos e intentando recuperar tamén, pedindo desafectación do colexio José Antonio, intentando recuperar un edificio que eu creo que é emblemático no centro do pobo e que da moitas posibilidades. Polo tanto, había dentro do noso compromiso cos cidadáns a posibilidade de crear a Casa das Letras no actual edificio José Antonio e é un proxecto que de momento segue en pé, e no momento que se remate a obra do Pérez Viondi, e se poida desprazar para alí o alumnado, é un dos proxectos nos que temos posta a expectativa de poder desenvolver nun prazo razoable de tempo.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** E por último, un rogo. Que se eviten os tratos a favor dos desbroces a alcaldes de barrio.

**Sr. Alcalde:** Comenteillo antes ó Partido Socialista, supoño que vostede estaba atento tamén. Os desbroces se fan cun calendario que ademais, máis ou menos ven sendo o mesmo de vostedes. E ademais foi a parte bipartita do seu goberno quen intentou introducir cambios no ano 2007 cando colleron as competencias do rural, estaban desvinculados do resto das competencias que tiña o Partido Socialista, que funcionaban como dous entes aparte, paralelos. E cando vostedes quixeron cambiar o sistema ó final tiveron que recuncar porque foi un autentico desastre e o rural se revelou e tiveron que recuncar outra vez e volver ó sistema que levaba funcionando durante bastantes anos. Bueno, pois ese sistema é o mesmo sistema que está utilizando o goberno actual e polo tanto, non difire moito do traballo, exceptuando eses traballos de prevención, que eu xa recoñezo que si, que dende marzo a maio temos que intensificar os traballos preventivos de corta de maleza; pero quitando esa situación, o que quero dicir é que de marzo a maio non se pagaron horas extras, iso é que se pretende dicir, falando en román paladino. Pois o que se pretende é seguir facendo esa distribución, ese calendario, seguir priorizando en función das festas e das festividade das parroquias, intentando chegar a tódalas pistas asfaltadas das parroquias. Sei que algunhas nos quedan atrás, sei que por exemplo en San Xurxo de Vea, temos que volver agora nestes días para desbrozar unha parte de San Xorxe que quedou sen desbrozar porque había que ir a San Andrés e a Cora porque hai festa alí, se vai a volver e se vai a rematar. Imos intentar rematar o que son tódalas pistas asfaltadas e o ano que ven facer unha actuación tamén seguramente nas pistas de monte, nas pistas non asfaltadas. Algunhas delas levan moitísimos anos sen ser desbrozadas e ó mellor nos temos que plantexar en facer unha actuación máis ambiciosa e poder darlle unha batida importante ó que é o rural, que lle fai falta porque, bueno, o estado de abandono de moitas das pistas é de moitos anos sen traballar nelas e tócanos a nós resolvelo.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Eu non me estaba referindo a isto. Simplemente era un suceso que aconteceu, quero pensar que foi unha cousa puntual, simplemente era para que non volva a ocorrer este suceso.

**Sr. Alcalde:** Home se vostedes traen aquí a este pleno anécdotas como trae un partido e supostos puntuais como nos trae outro, perfecto. Eu creo que ese é o camiño no que ten que seguir este goberno. Que a oposición siga con anécdotas e casos puntuais, e nós seguimos co interese xeral que, ó final, é o que nos preocupa e é o que nos interesa, que é solucionarlle o problema á maior parte dos veciños que se poida. Sei que nunca se da chegado a todos, sei que sempre é mellorable a xestión e eu creo que hai que ser humildes e recoñecer que sempre se pode mellorar. Eu creo que este é un goberno humilde que sempre ten capacidade para facer mellor as cousas, e ademais eu digo publicamente que si ten esa capacidade. Ten capacidade e temos capacidade para facelo mellor, e pouco a pouco eu creo que vamos encaixando a maquinaria e se vai traballando na boa dirección e iso vai a levar tamén a mellora con respecto a anos anteriores que sexa substancial e se note de forma decidida tanto no rural como no casco urbano.

Algunha outra pregunta? Pois en función do regulamento de participación cidadá, se alguén do público quere intervir, facer algunha pregunta, está no seu dereito. Si acérquese por favor. Perdoa un segundiño, necesitamos o DNI e se lle aporta agora o micrófono para formular a súa pregunta.

**Sra. Josefa M<sup>a</sup> Elsira Matalobos Renda:** Mire, é referente ó polígono de Lagartóns. Como queda aprazado, os recibos que nos mandaron do ORAL tamén quedan aprazados? É unha pregunta. Grazas.

**Sr. Alcalde:** Moitas grazas a vostede. Pois mire, creo que ese tema xa se tratou no último pleno, pero eu non teño ningún tipo de inconveniente en contestarlle. Sabe vostede que no

polígono de Lagartóns, creo que lle chegou unha notificación sobre os valores que van a ter reflexadas as súas propiedades en función do grado de execución do proxecto. Creo que vostede é coñecedora desa situación e creo que a gran maioría o é porque na reunión que mantivemos alá no mes de marzo así o trasladamos. Eu tamén quero puntualizar que en ningún caso (e ademais iso vostedes o poden confirmar) non hai ningunha comunicación desde o mes de febreiro pendente do goberno municipal. Aquí non se presentou ningún escrito en relación a ese tema ata o día 3 de agosto, que foi cando se presentou formalmente un escrito que foi ó que nós lle demos trámite e no que se están pedindo informes. Polo tanto, non é certo que se estea esperando por parte dos veciños unha resposta do goberno. Non é verdade. Ese escrito foi presentado o 3 de agosto e esa reunión que mantivemos, eu lle trasladei ós veciños cal era a situación actual. Eu sei que a nadie lle gusta pagar, sei que é complexo dicilo e a nadie lle gusta ter que pagar máis do que está pagando e menos nestes momentos. Pero o que si é certo é que vostedes teñen unha valoración en función do que actualmente foi obxecto dunha recalificación. Os seus terreos foron obxecto dunha recalificación. Vostedes tiñan uns terreos rústicos e pasan a ter agora uns terreos urbanizables, non urbanizados, urbanizables, susceptibles de ser urbanizados. Polo tanto, o catastro entende que esa recalificación que a vostedes lle da a posibilidade de ter un incremento patrimonial, un incremento de valor nas súas propiedades, porque antes valían como rústicas e agora valen como urbanizables. Eu só lle poño un exemplo, se algún día algunha persoa de fóra da Estrada ou da Estrada quere desenvolver un proxecto empresarial e quere construír unha nave, cando estea aprobado o Plan Xeral so o vai a poder facer en dous sitios do Concello da Estrada, ou en Toedo ou en Lagartóns. Non vai a ter posibilidade de desenvolver ningún proxecto empresarial en ningunha outra zona porque vostedes teñen os seus terreos calificados como industriais urbanizables e os outros son de suelo rústico ou solares para poder construír vivendas e non naves. Polo tanto, iso supón unha recalificación de terreos, esa recalificación supón un incremento de valor. Catastro actualiza os valores e se lle aplica a contribución que corresponda en cada caso. Cando estea urbanizado, cando vaian as máquinas e constrúan o seu valor se vai incrementar e vostedes van a ter que pagar máis. E cando estean os solares feitos aínda se vai incrementar todavía máis e van ter que pagar todavía máis do que están pagando. Pero ese é o caso que eu lle expoñía tamén os demais compañeiros de corporación, cando é o tema do Plan Xeral: O Plan Xeral tamén clasifica unha serie de zonas en función do que se pode facer en cada zona. Se vostede ten unha zona que é suelo rústico, alí non pode construír, e se ten unha zona que é urbanizable, tampouco pode construír se pide unha licenza, non lle van a dar a licenza para construír de forma directa, pero si fai un desenvolvemento urbanístico, si pode, e polo tanto ten un aumento de valor, e vostede ten que pagar en función do que vale a súa propiedade, non? É difícil de entender como propietario, bueno eu podo entendelo e eu se fora propietario seguramente estaría na súa situación tamén, reclamando no Concello, intentando que foran máis flexibles na aplicación deste tema. Agora, como norma xeral e como principio de solidariedade entre tódolos veciños, é xusto. Vostede ten que pagar máis pola súa propiedade que o que está fóra e lle vai quedar en rústico e non lle vale nada máis que para plantar patacas. E a ese si que non lle vai a valer nunca máis, mais que para plantar patacas, e vostede no futuro ten unha expectativa, e sobre esa expectativa o Ministerio de Facenda lle aplica un valor, e ese valor é ó que ten que facer fronte. Desde logo os portavoces (e o trataremos) teñen copia e creo que se falou antes no pleno tamén sobre esa comisión que se vai a facer. Creo que teñen información. Si, ó Sr. Dono lle fai moita gracia este tema, creo que se equivoca vostede de sitio, me parece, creo que debe de manter un pouco as formas e non faltarlle ó respecto ás persoas que ou están contestando ou están preguntando. Creo que as formas son importantes en todo o proceso e sobre todo no salón de plenos. E eu o que lle digo é que esa é a situación real. Pola nosa parte intentaremos buscar as fórmulas que existan pero xa lle digo e dixen publicamente e prefería dicir que non, pero si que vai a ser complexo e moi difícil buscarlle unha solución a ese problema.




**Sra. Josefa M<sup>a</sup> Elsira Matalobos Renda:** *Vaia esperanza que nos da. Grazas.*

**Sr. Alcalde:** *Grazas a vostede. ¿Igunha outra intervención? Pois moitas grazas a todos e finalizámola sesión.*

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte unha horas e vinte un minutos.



A Estrada, 6 de setembro de 2012  
O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González

